



Concello de Vigo

PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.

**O.E.P. 2017-2018-2019
BOMBEIRO, QUENDA LIBRE
ACORDO DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN Á FASE DE CONCURSO**

O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade de prazas de funcionario de carreira bombeiro (C2), vacantes nos cadros de persoal do Concello Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, sistema de selección concurso oposición, doce prazas por quenda libre, (bases xerais e específicas publicadas no BOPPO 07/07/2020, rectificación de erros no BOPPO 26/10/2020), en sesión do día 03/03/2021, ditou o seguinte ACORDO de resolución de reclamación presentada á valoración da fase de concurso:

“Reclamación presentada á valoración do concurso por Sánchez Sánchez, Anxo:

Motivo: Alega que presentou reclamación o día 04/02/2021 (W517012-5894, doc. 210018466) na que solicitaba a subsanación de erros na fase de concurso ó ter aportado documentos xustificativos de méritos en tempo e forma que non foron tidos en conta polo tribunal e dos cales achega copia.

Acordo: O reclamante presentou a solicitude de admisión ó proceso selectivo de bombeiro, quenda libre, con data de entrada no Rexistro do Concello de Vigo do 17/09/2020 (WA73730-7584, doc. 200168197). Posteriormente, presentou escrito no Rexistro do Concello de Vigo de data 05/10/2020 (W481287-9914, doc. 200180754), no que achegou documentación para a fase de concurso das prazas de bombeiro e condutor bombeiro entre a que figura un certificado de aproveitamento de “curso básico de protección civil” expedido polo Concello de A Coruña. Non achega ningunha documentación de prestación de servizos.

A devandita documentación achegada en data 05/10/2020 foi presentada dentro do prazo legalmente previsto de acordo coa Base “*Décimo Tercera.- Presentación de Documentación*” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) que sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020), polo que debe ser valorada polo tribunal.

En consecuencia, polo curso básico de protección civil que acredita outórgaselle unha puntuación de dous (2) puntos conforme á base VII das específicas de bombeiros que rexen o proceso selectivo.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar a reclamación presentada e outorgar ó reclamante unha puntuación na fase de concurso de dous (2) puntos.”

O que se fai público para os efectos da súa notificación ó reclamante, informándolle que contra este acordo do órgano de selección poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación deste acordo de resolución na web municipal (www.vigo.org).

Vigo, na data da sinatura electrónica
O secretario do órgano de selección.- Secundino Otero Faílde
A presidenta do órgano de selección.- Isabel Cabeza Pereiro



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:42

Páxina 1 de 1

Expediente 36846/220

CSV: 23E8D5-A24287-A1DF2F-2B5C1W-8HSVXK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>